

2022

MEMORIA DE ACTIVIDADES



1. ORGANIGRAMA





2. DATOS DA ENTIDADE

Identificación da entidade

- 1.- **Denominación:** FUNDACIÓN NEUROBURGAS, DANO NEUROLÓXICO
- 2.- **Réxime Xurídico:** FUNDACIÓN
- 3.- **CIF:** G-32472763

Domicilio da entidade

- 1.- **Dirección a efectos de notificacións:** Rúa Río Xares, N°16, baixo- 32004 Ourense
- 2.- **Teléfono:** 988546606
- 3.- **Mail:** administracion@fundacionneuroburgas.org



3. OBXECTIVO DA FUNDACIÓN

Fundación NeuroBurgas nace na cidade de Ourense, con ámbito autonómico e co obxectivo de intervir dunha maneira polivalente con adultos e nenos dependentes neurolóxicos e as súas familias, con especial atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.

NEUROBURGAS solicitará á Xunta de Galicia a inscrición en RUEPSS " Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais".

No noso centro atendemos cada caso de forma individual. Valoramos e tratamos á persoa e a súa familia utilizando unha metodoloxía multidisciplinar, personalizada e participativa (tanto para o paciente como para a familia).

Todas as nosas intervencións buscan potenciar e desenvolver habilidades que favorezan a autonomía da persoa, desenvolver estratexias terapéuticas para a recuperación ou a compensación funcional e reducir o impacto social da discapacidade e/ou dependencia no individuo e a familia.

Para coñecer en profundidade cada situación, realizamos unha valoración inicial, que nos permitirá desenvolver un Plan Individualizado de Atención (PIA), o cal, é un documento dinámico que se establece con un consenso entre a visión dos distintos profesionais que conforman o noso equipo sobre as necesidades da persoa afectada e a súa familia. Este será revisado, e adaptado, periodicamente nas reunións clínicas para posibilitar a mellora de cada un das persoas coas que se traballará.

Ademais, ofrecemos formación e asesoramento a familiares e cuidadores en todo o referente ao manexo de cada persoa e o seu cadro neurolóxico, así como dos problemas que poidan atopar na súa vida diaria: orientación acerca de adaptacións no fogar, axudas técnicas, axudas á dependencia, trámites, transporte, lecer e turismo adaptado, etc.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

O perfil de usuarios cos que traballamos no noso centro, é de pacientes con enfermidades de tipo neurolóxico adultos e especialmente infantís.

Os trastornos neurolóxicos son enfermidades do sistema nervioso central e periférico, é dicir, do cerebro, a medula espinal, os nervios craniais e periféricos, as raíces nerviosas, o sistema nervioso autónomo, a placa neuromuscular, e os músculos. Entre eses trastornos cóntanse a epilepsia, a enfermidade de Alzheimer e outras demencias, enfermidades cerebrovasculares tales como os accidentes cerebrovasculares, a hemicrania e outras cefalalgias, a esclerose múltiple, a enfermidade de Párkinson, as infeccións neurolóxicas, os tumores cerebrais, as afeccións traumáticas do sistema nervioso tales como os traumatismos craneoencefálicos, e os trastornos neurolóxicos causado pola desnutrición. A neuroloxía é a especialidade médica que trata os trastornos do sistema nervioso. Especificamente ocúpase da prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación de todas as enfermidades que involucran ao sistema nervioso central, o sistema nervioso periférico e o sistema nervioso autónomo, incluíndo as súas envolturas (óso), vasos sanguíneos e tecidos como os músculos. Existen máis de 600 enfermidades neurolóxicas. A continuación móstranse algúns exemplos do perfil de pacientes atendidos por este centro:

- Persoas que sufriron lesións a nivel do sistema nervioso central.
- Parálises cerebral infantil e trastornos do desenvolvemento.
- Secuelas de ictus producido por: infarto do tecido cerebral, hemorraxia de arterias cerebrais, post cirurxía intracranial, tumores....
- Secuela de lesión medular.
- Hemiplexía- hemiparesia.
- Paraplexía- Tetraplexía.
- Síndrome cereboloso (ataxia).
- Traumatismo cranio encefálico.
- Lesións do sistema nerviosos periférico: parálise nervio facial, braquial, etc.
- Alzheimer, Párkinson.

Os maiores beneficiarios dos proxectos desenvolvidos por FNDN dentro do ámbito de a atención clínica, son os pacientes que ademais da súa discapacidade/dependencia asociada ao DN, presenten unha situación de vulnerabilidade social ou de exclusión social



que lles dificulte o acceso a un tratamento neurorehabilitador integral e adecuado a todas as súas necesidades.

Dada a importancia que en FNDN outorgamos ao apoio a os familiares dos pacientes, aqueles que o precisen poderán recibir apoio psicolóxico, formar parte de grupos de apoio, recibir un asesoramento social específico para a xestión de recursos sociais e un asesoramento formativo para adquirir as habilidades de coidado necesarias. Por tanto poderíamos falar de os pacientes como beneficiarios directos e dos familiares da súa unidade de convivencia, como beneficiarios indirectos. Dentro do ámbito da atención preventiva e comunitaria, os beneficiarios directos serán todas as persoas ás que cheguen as actividades de sensibilización e promoción da saúde, pero tamén se pode estimar un impacto maior en canto a transmisores das mensaxes centradas no coidado da saúde que se envíen. En canto ao ámbito da investigación e innovación en tratamentos neurorehabilitadores, os beneficiarios das nosas accións serán todos os profesionais implicados nestes tratamentos, non só persoal de NeuroBurgas, senón de calquera outra organización, e por suposto toda a poboación xeral.

5. FINS ESTATUTARIOS

A Fundación ten por obxecto atender adultos e nenos dependentes neurolóxicos e os seus familiares, atendendo de forma individual cada caso. Valórase e trátase a cada persoa e familia utilizando unha metodoloxía multidisciplinar e personalizada .

- Potenciar e desenvolver habilidades que favorezan a autonomía da persoa, potenciar estratexias terapéuticas para a recuperación ou a compensación funcional e reducir o impacto social da discapacidade e/ou dependencia no individuo e na familia.
- Formar e asesorar a familiares e cuidadoras en todo o referente o manexo de cada persoa e o seu cadro neurolóxico, así como os problemas que poidan encontrar na súa vida diaria.
- Defender os intereses dos usuarios/as e familiares destes en calidade de destinatarios finais atendendo as súas necesidades sociais respecto ás seguintes áreas: cultura, educación, deporte, voluntariado, saúde lecer e tempo libre, vivenda, económicas, de consumo, políticas sociais, dependencia, atención temperá, axuda no fogar, atención á infancia, promoción da autonomía persoal e outras, fomentando as medidas de participación máis axeitadas e comprendidas dentro do ámbito da Fundación.
- Colaborar coa prestación de servizos sociais nas áreas de discapacidade, familia, menores, maiores, igualdade, inclusión, servizos comunitarios, infancia.
- Ofrecer unha atención personalizada, integral, continua e de calidade que prime a participación cidadá onde mediante plans de cooperación e coordinación coas diferentes administracións se poida dar unha atención de proximidade eliminando as barreiras xeográficas, económicas, de idade, etc.
- Difundir e defender os valores de igualdade entre os cidadáns, colaborando na loita contra as desigualdades existentes para defender os sectores sociais máis desfavorecidos e loitar contra a exclusión social.
- Fomentar e promover a participación cidadá co fin de potenciar o benestar social, mellorar a calidade de vida, os hábitos saudables e a prevención da saúde.
- Prestar de servizos de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia, así como a súa prevención facilitando á poboación o



acceso a ditos servizos para acadar un maior grado de autonomía nas actividades básicas diarias.

- Prestar servicios de axuda no fogar, servizos de atención temperá, tratamento preventivo e rehabilitador de procesos tumorais e a súas secuelas.
- Atender a persoas dependentes con trastorno do espectro autista.
- Fomentar, promover e colaborar con outras entidades e administración en actividades de voluntariado.

6. CRONOGRAMA ACTIVIDADES 2022

➤ **Xaneiro:**

- Continuidade do programa de Atención Integral a Persoas con dano neurolóxico en Risco de Exclusión Social (AIPRES).
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.

➤ **Febreiro:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Planificación da I Xornada “A realidade do paciente neurolóxico”

➤ **Marzo:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado
- Posta en marcha da III edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Planificación da I Xornada “A realidade do paciente neurolóxico”

➤ **Abril:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da III edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Posta en marcha do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico
- Planificación da I Xornada “A realidade do paciente neurolóxico”

➤ **Maio:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da III edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico
- Celebración da I Xornada “A realidade do paciente neurolóxico”

➤ **Xuño:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da IIII edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

➤ **Xullo:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da IIII edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

➤ **Agosto:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da IIII edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

➤ **Setembro:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Continuidade da IIII edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

➤ **Outubro:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Preparación da xustificación da III edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Continuidade do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

➤ **Novembro:**

- Desenvolvemento do proxecto AIPRES
- Continuidade do Servizo de transporte adaptado.
- Inicio xustificación proxecto AIPRES
- Finalización e xustificación da III edición do proxecto Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural
- Inicio da xustificación do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico
- Xornadas de sexualidade e diversidade funcional.

➤ **Decembro:**

- Xustificación proxecto AIPRES
- Preparación da memoria interna de actividades 2022
- Presuposto para actividades 2023
- Finalización e xustificación do proxecto Apoio psicosocial dirixido as familias das persoas afectadas por dano neurolóxico

7. XUSTIFICACIÓN:

- **Atención Integral a Persoas con dano neurolóxico en Risco de Exclusión Social**

Obxectivos Operativos:

- 1)Facilitar o acceso aos recursos sociais.
- 2)Facilitar a integración social do usuario/a.

3)Facilitar o acceso das persoas con dano neurolóxico a un tratamento integral.

4)Aumentar a autonomía persoal do usuario/a.

Actividades:

1) Información, orientación e apoio a afectados e familiares

Obxectivo principal: Acoller, apoiar, informar, orientar e asesorar sobre os recursos e axudas (lei de dependencia, discapacidade, incapacidade laboral, etc.) facilitando o acceso aos servizos e recursos de apoio.

Obxectivos secundarios:

- Coordinación con outros servizos da zona.
- Apoio as familias durante todo o proceso.
- Prevención a acompañamento na resolución de problemas sociais que se xeran durante o proceso.

Beneficiarios: 45 persoas atendidas.

Actividades:

- Informouse a 16 persoas sobre os grados de dependencia e como solicitar o seu recoñecemento así como o grado de discapacidade, como solicitalo e os beneficios de obtelo.
- Informouse sobre o título de familia numerosa 7 familias, os beneficios, como solicitalo e incluso se lle axudou a cubrir a solicitude e a recompilar a documentación necesaria.
- Informouse e solicitáronse 22 axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo par ao curso académico 2022-2023

2) **Rehabilitación integral:**

Obxectivo principal: conseguir a máxima autonomía posible en cada caso mellorando así a calidade de vida das persoas usuarias e os seus familiares.

Obxectivos secundarios:

- **Fisioterapia:** avaliar, tratar e previr as alteracións que se produciron, con vistas a mellorar a autonomía e calidade de vida do paciente e do seu entorno.
- **Logopedia:** prever, detectar, avaliar, tratar, rehabilitar, prognosticar, orientar e asesorar as áreas da comunicación humana e as súas alteracións, que se traducen en problemas de voz, fala, linguaxe expresivo e/ou comprensivo, deglución, dano cerebral, adquisición da linguaxe, deficiencias auditivas, etc.
- **Terapia ocupacional e terapia acuática:** promover, prever e manter nunha persoa a máxima participación independente e autónoma nas actividades da vida diaria empregando diversas técnicas e métodos que teñen fins terapéuticos; por un lado, favorecendo a recuperación da función (cognitiva, física ou sensorial) e por outro facilitando a mellora do desempeño ocupacional.
- **Neuropsicoloxía:** avaliar e rehabilitar as funcións cognitivas afectadas tras unha alteración no sistema nervioso central e mellorar os déficits cognitivos, potenciar a funcionalidade dos pacientes e axudar as familias a adaptarse a esta nova situación vital.

Actividades comúns:

- Valorar o paciente.
- Elaborar os obxectivos do tratamento.
- Realizar seguimento/avaliación do estado do paciente, consecución dos obxectivos y efectividade do tratamento.

Actividades específicas:

- **Fisioterapia:**

- Recuperar a función e autonomía.
- Manter e/ou recuperar rango de mobilidade mediante estiramientos ou técnicas de mobilización.
- Traballar de forma específica a forza, resistencia, equilibrio e coordinación.
- Evitar a progresión de enfermidades neurodexenerativas.
- Previr e corrixir alteracións posturais e deformidades.

- **Logopedia:**

- Intervir nos procesos de mellora das habilidades comunicativas de persoas na poboación xeral, sen necesidade de que existan trastornos comunicativos graves.
- Aconsellar aos usuarios/as con estes trastornos, así como ás súas familias, coidadores ou outros profesionais.
- Seleccionar, prescribir, dispensar e proporcionar asistencia para apoiar o uso efectivo de recursos de comunicación aumentativa e alternativa, audición, voz e deglución, apróteses e outros dispositivos de axuda.

- **Terapia ocupacional:**

- Recuperación da funcionalidade en capacidades mermadas.
- Adaptación e adestramento de actividades da vida diaria (vestido, alimentación, coidado do fogar, manexo do diñeiro, etc.).
- Asesoramento sobre manexo de produtos de apoio e adestramento dos mesmos.
- Adaptación do entorno persoal .
- Confección de férulas.
- Estimulación para o desenvolvemento de bebés/nenos (aprendizaxe motor, integración sensorial, adquisición de habilidades, etc.).

- **Neuropsicoloxía:**

- Estimular as funcións cognitivas afectadas traballando directamente sobre elas.
- Potenciar o uso de diferentes mecanismos alternativos ou habilidades preservadas, facilitando unha reorganización funcional a partir dos sistemas funcionais dispoñibles.
- Ensinar ao paciente diferentes estratexias que lle axuden a reducir os problemas asociados aos déficit cognitivos co obxectivo de minimizar o impacto destes na súa vida cotiá.

Beneficiarios: 26

- **Programa de sensibilización e difusión:**

A través deste programa preténdese dar información sobre o dano neurolóxico (que é, consecuencias, tratamentos, etc.) así como a labor que desempeña a Fundación así coma as actividades que desenvolve .

Obxectivos:

- Informar e sensibilizar á poboación sobre a problemática das persoas que padecen algún tipo de dano neurolóxico.
- Desmontar mitos e estereotipos en canto as capacidades das persoas con dano neurolóxico.
- Visualizar o dano neurolóxico e informar sobre el para tomar conciencia e saber como actuar.
- Difundir as actividades que realiza a Fundación.

Neste ano enfocámonos a dar visibilidade a través das redes sociais, facendo publicacións semanais sobre terapias e campañas puntuais.

- **Servizo de transporte adaptado:**

Un ano máis continuamos co servizo de transporte, contando con un vehículo propio adaptado e quedando así cuberta unha das maiores necesidades da Fundación e beneficiando tanto aos/ as usuarios/ as como os seus familiares aumentando así o número de persoas que poden chegar a recibir o tratamento rehabilitador que necesitan en cada momento.

Obxectivos:

O obxectivo principal é dar un servizo de transporte a estas familias con cero custos ou baixo custo dependendo das circunstancias particulares de cada caso (valoración traballadora social) facilitándolle o acceso ao servizo de rehabilitación.

Como obxectivo secundario, aínda que tamén relevante proponse poder asumir sen necesidade de pagar servizos externos o transporte dos usuarios ás actividades de lecer e tempo libre que se programan durante o ano.

Actividades:

Transporte dos/ as usuarios/ as ao centro para recibir o tratamento rehabilitador e do centro ao seu domicilio.

Beneficiarios: 21

▪ **Proxecto de Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural**

Subvencionado pola Deputación de Ourense.

O proxecto desenvólvese en Ourense, no centro que ten alugado Neuroburgas e a Fundación Neuroburgas Dano Neurolóxico na Rúa Río Xares Nº16, no entorno do centro así coma noutros puntos da cidade de Ourense.

Obxectivos xerais:

- 1) Facilitar as interaccións entre a persoa e o entorno e as actividades, co fin de conseguir que a persoa acadese os resultados desexados asegurando a súa saúde e a participación na vida diaria.
- 2) Intervir para que a persoa acadese un estado de benestar físico, mental e social para lograr aspiracións, para satisfacer necesidades e para cambiar ou facer fronte ao entorno no que participe o usuario/a.

Obxectivos específicos:

- 1) Gañar motivación e autonomía.
- 2) Integrar os intereses e valores da persoa no proceso de rehabilitación.
- 3) Potenciar capacidades físicas, sensoriais e cognitivas nunha mesma actividade.
- 4) Crear novamente unha rutina.
- 5) Recuperación do rol persoal.

Beneficiarios: a pretensión era poder atender a uns 15 usuarios/as de media ao longo do proxecto contando que dende a Deputación de Ourense nos subvencionarían polo menos o 50% deste, en vista de que a cantidade foi moito menor á esperada, tivemos que readaptar o proxecto exactamente da mesma forma que o ano anterior, reducindo a máis da metade do inicial.

En total atendéronse 7 persoas ao longo do proxecto.

Actividades:

Neste proxecto levamos a cabo dúas actividades diferenciadas, por unha banda a de Información e atención a familiares e usuarios/as da que se encargou a traballadora social, e por outra a rehabilitación no entorno da que se encargaron unha terapeuta ocupacional e un fisioterapeuta.

A traballadora social atendeu a 12 persoas que solicitaron información acerca do proxecto, todas reunían criterios par ser beneficiarias do proxecto, polo que, ao igual que nas anteriores edicións, os beneficiarios entraron por orde de solicitude, quedando sete persoas sen praza.

Así mesmo, foi a encargada de manter unha comunicación fluída e continua cos familiares e participantes directos do proxecto, facendo o seguimento do caso xunto co resto de terapeutas implicados.

En canto a rehabilitación, que foi guiada en todo momento polos profesionais xa mencionados, levouse a cabo en diferentes entornos e con diversas actividades, dependendo do usuario/a e dos obxectivos plantexados.

Algunhas das sesións foron no domicilio da persoa afectada por dano neurolóxico, outras nas proximidades do centro aproveitando que contamos con un parque ao lado, supermercados, farmacias, parada de autobús, cafeterías, entidades bancarias.

As actividades foron moi variadas, desde facer as sesións no domicilio do usuario/a, a facer sesións con un itinerario e paradas en diversos puntos e obstáculos, acudir a unha farmacia , a un banco, sacar a pasear a unha mascota, etc., todo isto planificado con anterioridade e consensuado co usuario/a para traballar aspectos relacionados co seu benestar físico, e a súa participación na vida diaria.

En canto aos obxectivos a traballar podemos destacar algúns mais xerais que inclúen sempre habilidades físicas, cognitivas e sensoriais, para facernos a idea de como se desenvolveu o proxecto:

Gañar independencia total en ABVDs , principalmente en potenciar unha marcha funcional, ben sexa con produtos de apoio ou sen eles, con obstáculos ou sen eles. Potenciar a participación en AIVDs (facer a cama, ordear a roupa , preparar o almorzo, etc).

Lograr participar en AIVD fora do seu entorno persoal (realizar compras e moverse na comunidade de forma independente e autónoma).

Explorar e levar a cabo actividades de ocio e tempo libre adecuada as capacidades e habilidades do usuario/a.

Etc.

Para poder participar no proxecto os usuarios/as tiveron que cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Estar afectadas por algún tipo de dano neurolóxico (conxénito ou adquirido)
- No caso de ser adquirido atoparse xa rematando a fase subaguda ou estar xa na fase crónica

O número total de beneficiarios foi de 7 persoas, sendo beneficiarios indirectos as persoas do entorno do usuario/a, familia, amigos, compañeiros de traballo de ser o caso, etc.

O sistema de acceso foi orde da demanda do servizo por parte do/a usuario/a, titor/a ou familiar, para que fose o máis imparcial posible, posto que para cada persoa o seu caso é o máis importante, polo que non entramos a valorar si un é máis urxente ou menos.

En canto a tipoloxía de pacientes e afectacións mostramos un resumo:

- 1 usuario con lesión medular
- 1 usuario con trastorno no desenvolvemento
- 1 usuario con trastorno esquizoafectivo
- 4 usuarios con ICTUS

O inicio do proxecto foi o día 1 de marzo, sendo o día 30 de novembro o remate do mesmo.

Beneficiarios totais: 7

En canto ao número de beneficiarios/as que pretendiamos acadar obtivemos o número máximo, aínda que en principio, tal e como se reflicte anteriormente, solo eran cinco.

En relación aos obxectivos plantexados cos usuarios/as, pretendíamos que polo menos un 80% conseguisen a lo menos acadar a metade dos mesmos a finalización

do proxecto, tras a valoración e seguimento realizado polos terapeutas podemos concluír que dos 7 usuarios/as, todos acadaron esa porcentaxe con éxito.

En canto a valoración obtida nos cuestionarios de satisfacción obtívose un total de 4,40 con respecto aos cinco puntos máximos que se podían acadar polo tanto acadamos o obxectivo que se propuxo de que a puntuación estivese comprendida entre os 3,5 e 5 puntos non servizos que se levaron a cabo

▪ **Proxecto de apoio psicosocial ás familias das persoas afectadas por dano neurolóxico**

Encargo profesional da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral:

Este programa tivo como obxectivo xeral ofrecerlle as familias e/ou cuidadores principais apoio psicosocial tanto individual como en grupos de axuda mutua así como información e orientación sobre temas de interese, pretendendo mellorar a capacidade de manexo da patoloxía aportando un grupo de referencia e contribuíndo así a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida tanto das mesmas familias como das persoas afectadas por dano neurolóxico.

Obxectivos específicos:

- Previr situacións de crisis persoais e/ou familiares.
- Favorecer o incremento da rede social da familia.
- Mellorar a comunicación no grupo familiar.
- Contribuír á comprensión das familias ou cuidadores dos aspectos relacionados co dano neurolóxico incrementando a información sobre o mesmo.
- Mellorar as habilidades da familia ou cuidadores a hora de afrontar situacións de estrés.
- Diminuír o nivel de ansiedade da familia e a sensación de angustia ao aumentar a súa percepción de control sobre a nova situación.

Actividades

- Atención social

A traballadora social encargouse de realizar a acollida das persoas usuarias e dos seus familiares ou persoas de referencia:

- Asesorar sobre recursos e axudas que tanto internas como externas.

- Atender, axudar e orientar aos familiares ante a nova situación social.
- Previr a sobrecarga familiar, axudando na resolución de problemas de índole social durante o proceso de recuperación.
- Asesorar na normalización e reeducación da vida diaria do núcleo familiar.

A traballadora social atendeu a un total de 56 persoas ao longo do proxecto, dando unha atención integral en todo momento.

- Grupo de axuda mutua (GAM)

Tivo como finalidade proporcionar un espazo de acollida, acompañamento e descarga emocional, onde os familiares e /ou cuidadores compartiron experiencias, preocupacións, expectativas, opinións, etc.

Participar no GAM permitiu :

- Que cada membro puidese coñecerse mellor así mesmo.
- Obter e intercambiar información.
- Dar e recibir apoio de outros membros do grupo.
- Saír do alisamento no que se atopan.
- Defender intereses comúns.

O grupo estivo moderado pola traballadora social da Fundación, a diferenza do ano anterior puidemos facelo de forma presencial, conseguindo unha maior complicidade nos grupos.

Nº de usuarios/as: fixéronse dous grupos, un para familiares de persoas adultas, no que tivemos 7 participantes e un para familiares de nenos/as que contou con 5 participantes.

- Atención psicolóxica familiar

Cando un membro da familia ten algún tipo de dano neurolóxico isto produce un forte impacto psicolóxico na mesma, dando lugar a unha serie de reaccións emocionais, polo que dende a Fundación consideramos imprescindible darlle unha boa atención e apoio.

Tipos de atención:

- Individual
- Unidade familiar

Foi a psicóloga da Fundación a que ofreceu este apoio:

- Ofertou o soporte emocional que a familia precisou adaptado a cada fase.
- Fomentou o autocoidado.
- Tratou os conflitos se xeraron ao longo da intervención.
- Modificou aquelas conductas desaxustadas que apareceron
- Fomentou habilidades de comunicación, organización e traballo en equipo da familia.
- Fixo acompañamento nos procesos de duelo.

A atención psicolóxica fíxose nun dos despachos da sede para ter a privacidade necesaria. As sesións programáronse en función da dispoñibilidade horaria do profesional de referencia, sendo sesións dunha hora de duración.

En total atendéronse a 10 familias, con sesións individuais cando foi necesario e así o solicitaron, pero tamén grupais na maioría dos casos.

1. Acceso ao programa:

- Derivación interna de outros programas.
- A petición propia.

Criterios de inclusión:

Ser familiar ou persoa de referencia dunha persoa afectada por dano neurolóxico.

2. Recursos

Humanos			
Coordinación 8horas/mes	Atención social 60h/mes	GAM 4h/mes	Atención Psicolóxica 64h/mes
Graduado/a ou diplomado/a en traballo social	Graduado/a ou diplomado/a en traballo social	Graduado/a ou diplomado/a en traballo social	Graduado/a ou Licenciado/a en psicología

Materiais
Material funxible (folios, carpetas, bolígrafos, etc.)
Material de difusión

8. DATOS ECONÓMICOS:

Balance de situación

Observaciones	Periodo	De Enero a Diciembre
ACTIVO		2022
A) ACTIVO NO CORRIENTE		4.552,09
II. Inmovilizado material		1.552,09
2. Instalaciones técnicas, y otro inm. mat.		1.552,09
213 MAQUINARIA		2.347,00
217 EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFOR		2.662,00
218 ELEMENTOS DE TRANSPORTE		9.686,50
281 AMORT. ACUM. INMOV. MATERIAL		-13.143,41
V. Inversiones financieras a largo plazo		3.000,00
5. Otros activos financieros		3.000,00
260 FIANZAS CONSTITUIDAS A LARGO P		3.000,00
VI. Activos por impuesto diferido		
B) ACTIVO CORRIENTE		148.853,11
III. Deudores comerc. y otras cuentas a cobrar		42.652,94
1. Clientes por ventas y prest. servicios		42.652,94
b) Cltes.por ventas y prest.servicios CP		42.652,94
430 CLIENTES		42.652,94
5. Activos por impuesto corriente		
6. Otros créditos con las Admin. Públicas		
VII. Efect. y otros act. líquidos equivalentes		106.200,17
1. Tesorería		106.200,17
570 CAJA, EUROS		3.643,67
572 BCOS E INS.CRÉD. C/C VIS.,EURO		102.556,50
TOTAL ACTIVO		153.405,20

Observaciones	Período	De Enero a Diciembre
PASIVO		2022
A) PATRIMONIO NETO		86.251,95
A-1) Fondos propios		86.251,95
I. Capital		30.000,00
1. Capital escriturado		30.000,00
100 DOTACIÓN FUNDACIONAL		30.000,00
III. Reservas		40.915,04
1. Legal y estatutarias		2.273,14
112 RESERVA LEGAL		2.273,14
2. Otras reservas		38.641,90
113 RESERVAS VOLUNTARIAS		38.641,90
V. Resultados de ejercicios anteriores		
2. (Resultados negativos de ejerc. ant.)		
VII. Resultado del ejercicio		15.336,91
C) PASIVO CORRIENTE		67.153,25
V. Acreedores comerc. y otras cuentas a pagar		67.153,25
1. Proveedores		-860,47
b) Proveedores a corto plazo		-860,47
400 PROVEEDORES		-860,47
2. Proveedores, empresas del grupo y asoci.		
3. Acreedores varios		69.839,97
410 ACREEDORES POR PRESTACIONES DE		69.839,97
4. Personal (remuneraciones pend. de pago)		-13.485,41
465 REMUNERACIONES PENDIENTES DE P		-13.485,41
5. Pasivos por impuesto corriente		331,25
475 HP, ACREED. CONCEPTOS FISCALES		331,25
6. Otras deudas con las Admin. Públicas		11.327,91
475 HP, ACREED. CONCEPTOS FISCALES		1.249,33
476 ORGANI.DE LA SS.SS.,ACREEDORES		10.078,58
T O T A L PATRIMONIO NETO Y PASIVO		153.405,20